

RÚBRICA AVALIACIÓN /ESCOLLEMOS DESTINO

Alumna/o:						
	Excelente (1 punto)	Ben (0,75 puntos)	Regular (0,5 puntos)	Insuficiente (0,25 pts)	0 pts.	NOTA
Planificación	-Elaborase un guión para procurar información a partir do remuíño de ideas e resulta útil para procurar información.	- Elabórase un guión tras o remuíño de ideas e mellórase a partir do exemplo dado. - O guión non inclúe ningún aspectos da exposición.	- Elabórase un guión tras o remuíño de ideas. - O guión non inclúe aspectos importantes da exposición.	- O guión cópiase a partir do exemplo facilitado.	Non se elabora guión.	
Tratamento da información (x2) (Pódese avaliar cada un dos 4 aspectos marcados con 0,5)	-Úsanse diferentes fontes (as facilitadas e outras) para obter información e cotexar os datos. obtidos. -Discrimínase o importante do secundario e selecciónase só o necesario. -Organízase a información de xeito coherente. - Demóstrase estudo e coñecemento do tema.	-Úsanse diferentes fontes (as facilitadas e outras) para obter información e cotexar os datos. obtidos. - Pode haber un erro non importante respecto da selección da información ou da súa organización. -Demóstrase estudo do tema.	-Úsanse as fontes dadas mais outras de búsqueda propias para obter información, pero non se contrastan os datos obtidos. - Hai entre 1 e 4 erros respecto da selección da información ou da súa organización. -O coñecemento do tema é superficial: non se saben explicar ideas ou conceptos.	- Só se usa unha ou dúas fontes para obter información e non se comprobán os datos. -Mestúrase o importante e o secundario. - Coñecemento do tema insuficiente.	Non se realiza a tarefa.	(x2)
Presentación dixital (diapositivas) (x2) (Pódese avaliar cada un dos 4 aspectos marcados con 0,5)	-Respéctase o formato marcado (nº diapos, dipo 1=presentac; diapo última=fontes). - A selección e orde das diapositivas é coherente. - A presentación resulta atractiva, con equilibrio e pertinencia imaxes/texto. -Non presenta erros ortográficos nin de puntuación.	-Respéctase o formato marcado (nº diapos, dipo 1=presentac; diapo última=fontes). - A selección e orde é, en xeral, coherente. - A presentación é atractiva e equilibrada entre texto e imaxes. Estas son pertinentes. -Hai 1 ou 2 erros ortográficos ou de puntuación.	- Falta a 1ª ou última diapositiva. - Hai incoherencias na orde das diapositivas. - As imaxes non sempre son pertinentes, nin en contido nin en nº. O texto é excesivo ou insuficiente. -Hay entre 3 e 10 erros de ortografía e/ou puntuación.	- Non se respecta o formato marcado. - Non existe orde coherente nas diapositivas e/ou falta a 1ª e última. - Non hai equilibrio texto/imaxes e estas non son pertinentes. -Hai moitos erros ortográficos e de puntuación.	Non se realiza a tarefa.	(x2)
Exposición oral (x2) (Pódese avaliar cada un dos 4 aspectos marcados con 0,5)	- O discurso é fluído, a entoación correcta, a vocalización e o ton favorecen a comprensión. - Úsase o rexistro formal e hai riqueza expresiva: léxico específico, sinónimos, sen repeticións, retrousos ou interferencias. - As ideas expóñense de xeito ordenado e úsanse conectores. - A postura corporal é correcta e mírase a todo o público. Demóstrase seguridade.	- En xeral, o discurso é fluído, con boa vocalización e ton. - Úsase o rexistro formal e, en xeral, a expresión é rica e variada. - Hai orde na exposición de ideas e uso de conectores. -En xeral, a postura corporal é correcta e mírase ao público.	- O discurso é pouco fluído, con atrancos e pausas. O ton e a vocalización non sempre son correctos. - Enténdese a mensaxe, pero: · A lingua usada é pobre, con repeticións e retrousos · As ideas non sempre están ben ordenadas. - A postura corporal non sempre é correcta. En xeral,mírase ao público.	- Non existe fluidez, hai mala vocalización e o ton é demasiado alto ou baixo. - Non se discrimina o rexistro formal do informal. -Non hai orde nin coherencia na exposición oral. - Non se adopta unha postura corporal correcta nin se mira ao público.	Non se realiza a tarefa.	(x2)
TOTAL NOTA						

CÓDIGO CORRECCIÓN					
SOBRESALIENTE	NOTABLE	BEN	SUFICIENTE	INSUFICIENTE	Complementa esta rúbrica coa do traballo en grupo, avaliada sobre 3 puntos.
6,25 - 7	5,25 - 6	4 – 5	3,5 – 3,75	3,25 ou menos	